

As expresións «Unión Europea» e «España» aparecerán impresas en caracteres tipográficos semellantes.

2. Disporá dunha páxina plastificada que conterá as seguintes mencións:

a) O número do pasaporte, que coincidirá co de serie do caderno.

b) Un número identificador persoal que será o do documento nacional de identidade do seu titular, salvo que careza deste por ser residente no estranxeiro ou menor de 14 anos, caso en que o número corresponderá, respectivamente, co da súa inscrición no Rexistro de Matrícula Consular ou co do documento nacional de identidade de quen ten a súa patria potestade ou tutela, seguido do subradical correspondente.

c) O número da oficina expedidora.

d) Os apelidos, nome, nacionalidade, data e lugar de nacemento e sexo, así como as datas de expedición e caducidade do pasaporte. Conterá, igualmente, a sinatura dixitalizada do titular, para o cal deberá acudir a prestala ás unidades expedidoras.

Estas mencións redactaranse en castelán, inglés e francés, acompañándose de números que fagan referencia a un índice, incluído no pasaporte, que indique, nas linguas oficiais dos estados membros da Unión Europea, o obxecto destas.

e) A fotografía dixitalizada do titular.

f) Dúas liñas de caracteres OCR na parte inferior da folia de datos, para a lectura mecánica destes.

3. Unha das páxinas reservaráselles ás autoridades competentes para expediren este documento, a fin de que nela se poidan recolle-las observacións que procedan en cada caso. A mención que figurará na cabeza desta páxina redactarase nas linguas oficiais dos estados membros da Unión Europea.

4. Tamén se destinará outra das súas páxinas á reprodución parcial das disposicións que regulan os pasaportes e a inscrición dos españois nos rexistros de matrícula consulares, ben como as recomendacións que se consideren necesarias, reservándose o resto das páxinas para visados.

5. Igualmente, poderanse incluír os datos biométricos que sexan necesarios para unha máis completa identificación do titular, inseríndose quer na páxina de datos persoais, referida no número 2 deste artigo, quer na que determine o Ministerio do Interior.

Disposición adicional única. *Reciprocidade.*

Sempre que exista reciprocidade co país ou países de destino, poderanse expedir, con motivo de excursións, peregrinacións ou actos de análoga natureza, documentos colectivos de viaxe que cumpran as previsións que se especifican no Acordo europeo sobre circulación provistos de pasaportes colectivos entre os países membros do Consello de Europa, ratificado por España no 18 de maio de 1982. Este documento será válido para unha única viaxe.

Disposición transitoria única. *Validez de pasaporte.*

O novo modelo de pasaporte irase implantando progresivamente consonte as circunstancias de orde técnica o permitan. Os pasaportes expedidos ou que se sigan expedindo co modelo de caderno anterior, conservarán a validez polo período para o que foron expedidos.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogados o Real decreto 3129/1977, do 23 de setembro, polo que se regula a expedición

de pasaporte ordinario ós españois, e os reais decretos 126/1985, do 23 de xaneiro, e 1064/1988, do 16 de setembro, que modifican aquel, así como cantas disposicións de igual ou inferior categoría se opoñan ó disposto neste real decreto.

Disposición derradeira primeira. *Habilitacións.*

1. Habilítase os ministerios do Interior e de Asuntos Exteriores para, no ámbito das súas competencias, dictaren as disposicións de desenvolvemento necesarias para a execución deste real decreto.

2. Habilítase o Ministerio do Interior para determinar o modelo de solicitude do pasaporte.

3. Corresponde ó Ministerio do Interior a determinación do calendario de implantación do novo modelo do pasaporte, logo de informe do Ministerio de Asuntos Exteriores no que se refire á súa expedición fóra de España.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid, o 11 de xullo de 2003.

JUAN CARLOS R.

O ministro do Interior,
ÁNGEL ACEBES PANIAGUA

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

13979 *REAL DECRETO 833/2003, do 27 de xuño, polo que se establecen os requisitos técnicos que deben cumprilas estacións de inspección técnica de vehículos (ITV) a fin de seren autorizadas para realizar esa actividade. («BOE» 166, do 12-7-2003.)*

O Real decreto lei 7/2000, do 23 de xuño, de medidas urxentes no sector das telecomunicacións, establece un novo sistema para a prestación de servicios de inspección técnica de vehículos (ITV).

Nel dispónse que para a prestación dos servicios de ITV, salvo no caso en que a execución da inspección a leven a cabo directamente as comunidades autónomas ou a Administración competente, as estacións de ITV deberán obter a autorización previa da Administración competente, sempre que o seu titular acredite o cumprimento dos requisitos técnicos que se determinen regulamentariamente.

Resulta por tanto necesario establece-las requisitos técnicos que permitan ás comunidades autónomas proceder á autorización das estacións de ITV.

Os requisitos técnicos deben garantir, en todo o territorio nacional, a alta calidade e homoxeneidade da inspección técnica de vehículos.

Este real decreto dítase ó abeiro das competencias exclusivas do Estado en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e de tráfico e circulación de vehículos de motor, establecidas polo artigo 149.1.13.^a e 21.^a da Constitución española.

Esta disposición foi sometida ó procedemento de información previsto no Real decreto 1337/1999, do 31 de xullo, polo que se regula a remisión da información en materia de normas para a calidade e regulamentacións técnicas e regulamentos relativos á sociedade da información, en aplicación da Directiva 98/34/CE do

Parlamento Europeo e do Consello, do 28 de marzo de 1998.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Ciencia e Tecnoloxía e do ministro de Economía, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 27 de xuño de 2003,

DISPONGO:

Artigo 1. *Obxecto e campo de aplicación.*

1. O obxecto deste real decreto é establecer os requisitos técnicos que deben cumprir as estacións de inspección técnica de vehículos (ITV) para seren autorizadas a realizar inspeccións técnicas de vehículos, fixa-las obrigas xerais que deben ser observadas polos titulares das estacións de ITV autorizadas e establecer, sen prexuízo do que dispoña a Administración pública competente, o réxime de incompatibilidades dos socios, directivos e persoal que preste os seus servizos nela.

Este real decreto aplicarase a todas as estacións de inspección técnica de vehículos que se definen no número seguinte.

2. Son estacións de inspección técnica de vehículos as instalacións que teñen por obxecto a execución material das inspeccións técnicas que, de acordo co Regulamento xeral de vehículos e demais normas aplicables, se deban facer nos vehículos e nos seus compoñentes ou accesorios, e que fosen autorizadas previamente polo órgano competente da comunidade autónoma do territorio onde estean establecidas, ou nas que a comunidade autónoma execute directamente o servizo de inspección.

Artigo 2. *Obrigas xerais que deben ser observadas polos titulares das estacións de ITV autorizadas.*

Os titulares de estacións de ITV deberán adoptar as medidas e disposicións necesarias a fin de garantir o cumprimento das seguintes obrigas:

a) Na estación de ITV non se poderán facer traballos de reparación, transformación ou mantemento de vehículos.

b) As tarifas polos servizos que preste a estación serán públicas, non poderán ser superiores ás que fixe para o efecto a comunidade autónoma correspondente, as cales terán o carácter de máximo; as tarifas e as súas modificacións deberán ser notificadas antes da súa aplicación, acompañadas dun estudo económico, ó órgano competente da comunidade autónoma.

c) A estación de ITV fixará o seu horario de atención ó público de conformidade cos criterios que para o efecto establece a comunidade autónoma para a totalidade das estacións de ITV autorizadas. Tanto o horario inicial como toda modificación del deberán ser aprobados polo órgano competente da comunidade autónoma correspondente.

d) Cada estación de ITV deberá ter ó dispor dos usuarios as condicións, incluíndo as tarifas desagregadas nos seus diversos conceptos, nas que realiza as inspeccións.

e) A estación de ITV deberá ser imparcial verba das condicións nas que se realiza a inspección.

f) A estación de ITV deberá ter cubertas as responsabilidades civís que puidesen derivar da súa actuación, mediante póliza de seguro, aval ou outra garantía financeira outorgada por entidade debidamente autorizada pola contía que fixe a comunidade autónoma, por unha contía mínima de 300.500 euros por liña de inspección, sen que a contía da garantía limite a responsabilidade.

Artigo 3. *Incompatibilidades.*

Sen prexuízo do réxime de incompatibilidades que poida establecer a Administración pública competente para organizar as funcións e servizos de inspección, os socios ou directivos da empresa e o persoal que preste os seus servizos nela non poderán ter participación directa ou indirecta en:

- Actividades de transportes terrestres por estrada.
- Comercio de vehículos automóbiles.
- Xestorías administrativas relacionadas co campo da automoción.
- Entidades aseguradoras que operen nos ramos do seguro de automóbil.
- Peritos de seguros e mediadores de seguros privados que exerzan a súa actividade nos ramos do seguro de automóbil.

Artigo 4. *Requisitos técnicos que deben cumprir as estacións de ITV e os seus titulares.*

1. Consonte o disposto no artigo 7 do Real decreto lei 7/2000, do 23 de xuño, de medidas urxentes no sector das telecomunicacións, as estacións de ITV serán autorizadas polo órgano competente da comunidade autónoma onde estean establecidas, sempre que acrediten o cumprimento das obrigas e requisitos técnicos establecidos neste real decreto e que deben garantir a homoxeneidade e uniformidade do servizo en todo o territorio nacional, así como os que afectan as distintas instalacións en materia de seguranza industrial e metroloxía, e aqueles outros adicionais que establecese ou estableza a comunidade autónoma no exercicio das súas competencias.

2. Son requisitos técnicos que deben cumprir, en todo caso, as estacións de ITV os que establece o anexo deste real decreto.

Artigo 5. *Autorización das estacións de ITV.*

1. A autorización á que se refire o artigo 4.1 será regradada polo órgano competente da comunidade autónoma, e o seu outorgamento e vixencia dependerán exclusivamente da demostración do cumprimento das obrigas e requisitos establecidos para o efecto.

2. Unha vez outorgada a autorización, deberase xustificar anualmente perante o órgano competente da comunidade autónoma correspondente o cumprimento de tales obrigas e requisitos técnicos. Para estes efectos, a comunidade autónoma poderá considerar válida a comprobación realizada mediante a correspondente acreditación da estación de ITV, conforme as normas UNE-EN 45004 no campo da inspección técnica de vehículos realizada por unha entidade das designadas segundo a sección 2.^a do capítulo II do Regulamento da infraestrutura para a calidade e a seguranza industrial, aprobado polo Real decreto 2200/1995, do 28 de decembro. Nese caso, a entidade de acreditación actuará de acordo cos seus procedementos.

Nos casos en que a acreditación do cumprimento das obrigas e demais requisitos técnicos se realice a través dunha entidade de acreditación, a entidade actuante emitirá un certificado de acreditación no que se especifique a súa acreditación no campo da inspección técnica de vehículos.

3. Sen prexuízo das competencias das comunidades autónomas no control e inspección destas actividades, entenderase que a acreditación da estación de ITV consonte as normas UNE-EN 45004 no campo da inspección técnica de vehículos é condición suficiente para a renovación da autorización.

Artigo 6. Réxime sancionador.

As infraccións deste real decreto serán sancionadas de acordo co disposto no título V da Lei 21/1992, do 16 de xullo, de industria.

De conformidade co disposto no Real decreto lei 7/2000, do 23 de xuño, o incumprimento das condicións técnicas que deben reuni-las instalacións constituirá unha infracción moi grave que será sancionada con multa de ata 30.050 euros. Ademais, cando a comisión da infracción menoscabe gravemente a calidade dos servizos de inspección ou cando o incumprimento se produza de forma reiterada ou dilatada no tempo, poderase impo-la sanción de revogación da autorización ou concesión habilitante para o exercicio da actividade de inspección de vehículos, caso en que, unha vez iniciado o expediente, poderá esta suspenderse provisoriamente.

A incoación dos expedientes sancionadores poderase acordar como consecuencia do resultado da verificación anual á que se refire o artigo 5.2 ou como consecuencia das inspeccións levadas a cabo polos órganos competentes das comunidades autónomas.

Disposición adicional única. Requisitos técnicos para estacións de ITV habilitadas consonte a normativa anterior ó Real decreto lei 7/2000, do 23 de xuño, de medidas urxentes no sector das telecomunicacións.

No caso de estacións de ITV habilitadas con anterioridade á entrada en vigor do Real decreto lei 7/2000, do 23 de xuño, non obstante o establecido na disposición transitoria primeira deste real decreto, cando o cumprimento dalgún dos requisitos técnicos establecidos no número A.3 do anexo supoña modificacións ou transformacións de difícil execución, logo de solicitude e xustificación por parte da estación de ITV, o órgano competente da comunidade autónoma en que estea situada a estación poderá eximir do seu cumprimento, sempre que isto non supoña menoscabo na calidade e seguranza do servizo.

Disposición transitoria primeira. Réxime das estacións de ITV habilitadas en virtude de concesión ou autorización administrativa adxudicada por concurso convocado con anterioridade á entrada en vigor do Real decreto lei 7/2000, do 23 de xuño, de medidas urxentes no sector das telecomunicacións.

1. As estacións de ITV que, no momento da entrada en vigor do Real decreto lei 7/2000, do 23 de xuño, de medidas urxentes no sector das telecomunicacións, estivesen habilitadas en virtude de autorización ou concesión adxudicada por concurso convocado con anterioridade á dita data, continuarán habilitadas por eses títulos ata a súa extinción para prestaren servizos de inspección técnica de vehículos sen necesidade de obteren acreditación ou autorización consonte o disposto neste real decreto.

Non obstante, nestes casos, antes de decorrerem dous anos desde a entrada en vigor deste real decreto, as estacións de ITV deberán adecua-las súas instalacións ós requisitos técnicos e obrigas recollidos neste real decreto, e deberán acreditar ante o órgano competente da comunidade autónoma correspondente o cumprimento das obrigas e requisitos técnicos aplicables con carácter xeral ás estacións de ITV. A acreditación, que se poderá realizar de acordo co disposto no artigo 5.3, producirá efectos por un prazo dun ano desde a súa data e deberase reiterar por períodos anuais ata a fin da vixencia da concesión ou autorización.

2. Con polo menos un ano de anticipación á finalización do período de vixencia das concesións a que

se refire o número 1, os titulares das concesións deberán comunicar ó órgano competente da comunidade autónoma a súa pretensión de continuaren a presta-lo servizo baixo o réxime previsto neste real decreto e de acreditaren o cumprimento das obrigas e dos requisitos técnicos esixibles.

O órgano competente da comunidade autónoma deberá verificar, de maneira que faga fe, dentro do prazo dun ano citado anteriormente o cumprimento dos requisitos técnicos e das obrigas previstas neste real decreto, para os efectos de que o solicitante poida continua-la prestación do servizo baixo o réxime autorizadorio.

O órgano competente da comunidade autónoma fixará o réxime legal da reversión, se é o caso, dos posibles bens afectos á concesión, todo isto de conformidade co que dispoña o título concesional e a regulación autonómica que para o efecto se poida establecer.

Disposición transitoria segunda. Outorgamento de novas autorizacións nos territorios nos que os títulos habilitantes adxudicados por concursos convocados antes da entrada en vigor do Real decreto lei 7/2000, do 23 de xuño, de medidas urxentes no sector das telecomunicacións, teñen un ámbito territorial delimitado.

1. As comunidades autónomas que esixisen o pagamento dun canon, periódico ou non, polo outorgamento de títulos habilitantes para a prestación de servizos de ITV adxudicados por concursos convocados con anterioridade á entrada en vigor do Real decreto lei 7/2000, do 23 de xuño, que estivesen vinculados a un ámbito territorial determinado, poderán fixar prazos dentro dos cales quedará limitado o outorgamento das autorizacións para a prestación de servizos de ITV ás que se refire o artigo 5 deste real decreto no citado territorio, sen que eses prazos poidan excede-lo que quede de vixencia ós respectivos títulos.

No suposto de que o concesionario do servizo, para a atención deste e de conformidade coa comunidade autónoma competente, construíse no ámbito territorial da concesión novas estacións, estas rexeranse polo réxime de autorización e axustaranse ás condicións técnicas previstas neste real decreto.

A fixación dos prazos a que se refire este número será efectuada polo órgano competente en cada comunidade autónoma. As comunidades autónomas que, no momento da entrada en vigor deste real decreto, non teñan fixados aínda os prazos indicados, deberano efectuar no prazo de seis meses desde a súa entrada en vigor.

2. Unicamente aquelas estacións de ITV que, en virtude de títulos habilitantes adxudicados por concursos convocados antes da entrada en vigor do Real decreto lei 7/2000, do 23 de xuño, tivesen un ámbito territorial delimitado, poderán manter este sempre que for esixible o pagamento do canon correspondente e o órgano competente da comunidade autónoma respectiva tiver fixado o prazo durante o cal se poida mante-la citada delimitación territorial nos termos sinalados no número anterior.

3. Decorrido o prazo de seis meses fixado no número 1, fóra dos supostos establecidos nos números anteriores e, en todo caso, unha vez vencido o prazo de vixencia dos títulos habilitantes para a prestación de servizos de ITV que tivesen un ámbito territorial delimitado, ou cando o órgano competente da comunidade autónoma non tiver fixado os prazos a que se refire o número 1, deberanse outorga-las autorizacións ás que se refire este real decreto ós que cumplan os requisitos establecidos nel e nas demais normas dictadas para o efecto.

4. O Tribunal de Defensa da Competencia, de acordo co disposto no artigo 26.2 da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia, emitirá un dictame no que analizará as condicións de competencia existen-

tes na prestación de servicios de ITV en cada comunidade autónoma, facendo especial referencia ó grao de adecuación da oferta de servicios á demanda existente e prevista, o nivel de prezos e as súas diferencias con outras comunidades autónomas, así como as posibilidades de competencia desde as distintas zonas limítrofes de cada comunidade autónoma. Este dictame deberase emitir unha vez decorrido o prazo de seis meses fixado no número 1 anterior, e sempre dentro do prazo dun ano a partir da entrada en vigor deste real decreto.

Disposición transitoria terceira. Réxime de incompatibilidades.

As estacións de ITV que no momento da entrada en vigor do Real decreto lei 7/2000, do 23 de xuño, estivesen habilitadas en virtude de concesión ou autorización, poderán mante-lo réxime de incompatibilidades co que foron recoñecidas ou habilitadas para funcionar durante o período de vixencia de tales títulos habilitantes.

Disposición derogatoria única. Derogación normativa.

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ó disposto neste real decreto e, en especial, os artigos 2.1, 3, 4, 5.3, 5.4 e 13 do Real decreto 1987/1985, do 24 de setembro, sobre normas básicas de instalación e funcionamento das estacións de inspección técnica de vehículos.

Disposición derradeira primeira. Título competencial.

Este real decreto díctase ó abeiro das competencias estatais en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica e de tráfico e circulación de vehículos de motor, previstas polo artigo 149.1.13.^a e 21.^a da Constitución.

Disposición derradeira segunda. Facultade de desenvolvemento.

Facúltase o ministro de Ciencia e Tecnoloxía para dicta-las disposicións que sexan necesarias para o desenvolvemento deste real decreto.

Disposición derradeira terceira. Entrada en vigor.

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid, o 27 de xuño de 2003.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente primeiro do Goberno
e ministro da Presidencia,
MARIANO RAJOY BREY

ANEXO

A. Requisitos técnicos xerais

A.1 A estación de ITV deberá dispor ó menos dunha liña de inspección para vehículos lixeiros e outra para vehículos pesados ou universal. Excepcionalmente, a Administración competente, en disposicións que dicte para tal efecto, poderá admitir outras configuracións.

A.2 A estación de ITV estará en disposición de realizar cos seus propios medios tódalas inspeccións técnicas de vehículos que regulamentariamente estean establecidas. Excepcionalmente, a Administración competente, en disposicións que dicte para o efecto, poderá establecer-la exención da dispoñibilidade para determinadas inspeccións.

A.3 A estación de ITV:

a) Deberá estar situada en locais ou naves totalmente independentes e separadas de calquera local ou nave na que se realice calquera outra actividade distinta da inspección técnica de vehículos.

b) O recinto terá unhas dimensións e unha facilidade de fluxo e espera de vehículos adecuados á súa función que deberá xustificar no proxecto técnico da estación. Como mínimo, deberá haber para cada liña de inspección dúas zonas de espera: unha situada ó inicio e capaz para cinco vehículos da clase que se vai revisar na liña, por detrás do vehículo que estea a ser sometido á primeira proba da inspección; a segunda, ó final de cada liña e con capacidade para dous vehículos da clase que se vai revisar nesa liña situada por diante do vehículo que se estea a inspeccionar na última proba da inspección.

c) Estará situada en lugares de fácil acceso e nos que o fluxo de vehículos á estación non provoque conflitos de tránsito na zona.

d) Cumprirá as condicións de accesibilidade para persoas de mobilidade reducida ou con problemas de comunicación establecidas na lexislación sobre promoción da accesibilidade e eliminación de barreiras aplicable no territorio onde estea situada a estación.

A.4 A estación de ITV disporá, ou estará en condicións de dispor, de sistemas telemáticos para a transmisión da información das inspeccións realizadas e para a recepción de información técnica dos vehículos obxecto de inspección, coa Administración competente e co Rexistro de Vehículos da Dirección Xeral de Tráfico, na forma determinada regulamentariamente.

A.5 As estacións de ITV poderán dispor de unidades móbiles para dar servizo, seguindo as directrices da Administración competente, a vehículos agrícolas e outros que non poidan acceder ós recintos en que estean situadas, así como a outros vehículos en municipios onde non exista ningunha estación de ITV, con suxeición ós requisitos técnicos establecidos nesta norma que resulten de aplicación; en todo caso, deberán informar á Administración competente acerca das condicións en que se realizan as inspeccións mediante esas unidades móbiles. Periodicamente remitirán o resultado das inspeccións realizadas a través de unidades móbiles á Administración competente, especificando a clase de vehículos inspeccionados, ben como as incidencias de cada inspección.

A.6 A estación de ITV realizará auditorías e controis de calidade internos anuais para:

a) Verificar se o proceso de inspección cumpre os requisitos técnicos esixibles.

b) Comprobar se o sistema de calidade atinxe os obxectivos establecidos pola política de calidade da estación de ITV.

A.7 A estación de ITV realizará auditorías e controis de calidade internos adicionais nos seguintes casos:

a) Antes da autorización da estación de ITV.

b) Cando se realizen, ou cando se produzan cambios significativos na organización da estación de ITV ou no procedemento de inspección.

c) Cando a execución das inspeccións ou o servizo de inspección presente anomalías significativas.

d) Cando sexa preciso verificar que as anomalías detectadas foron corrixiadas.

A.8 O titular da estación de ITV deberá subscribir pólizas de responsabilidade civil, avais ou outras garantías financeiras outorgadas por entidade debidamente autorizada, que cubran os riscos da súa responsabilidade respecto a danos materiais e persoais a terceiros, por unha contía mínima de 300.500 euros por liña de inspección, sen que a contía da garantía limite a responsabilidade. Esta contía quedará anualmente actualizada en función do índice de prezos de consumo da comunidade autónoma onde presten o servizo.

B. *Requisitos técnicos de calidade do servizo de inspección*

B.1 A estación de ITV deberá te-lo cadro de persoal preciso para realizar tódalas funcións de modo que o servizo se poida prestar en condicións idóneas de calidade.

B.2 A estación de ITV deberá ter no cadro de persoal un número suficiente de inspectores permanentes con coñecementos técnicos de vehículos que lles permitan emitir informes sobre a conformidade destes coas prescricións regulamentarias e experiencia suficiente para realiza-las inspeccións de forma adecuada. Os inspectores deberán posuí-la cualificación profesional necesaria en automoción.

B.3 A remuneración dos inspectores non dependerá do número de vehículos inspeccionados ou dos resultados das inspeccións.

B.4 Cada estación de ITV terá un director técnico con titulación de enxeñeiro superior ou técnico que:

- Teña a cualificación e experiencia suficiente nos procedementos de inspección de vehículos.
- Teña experiencia no funcionamento de estacións de ITV.
- Asuma a responsabilidade de que as inspeccións se realizan consonte as prescricións da regulamentación aplicable e as da Administración competente.

O director técnico deberá pertencer ó cadro de persoal da estación de ITV.

B.5 Os procedementos de inspección deberán incluír, como mínimo, a seguinte información:

- Equipamentos necesarios para realiza-la inspección.
- Secuencia de operacións.
- Rexistros de datos que se vaian utilizar.
- Formato de informe.
- Criterios de aceptación e rexeitamento e categorización de defectos.
- Medidas de seguranza do persoal.

C. *Requisitos técnicos dos equipamentos de inspección*

C.1 A estación de ITV debe dispor dos medios e equipamentos idóneos e adecuados que lle permitan levar a cabo tódalas actividades necesarias relacionadas cos servizos de inspección.

C.2 Os equipamentos de inspección utilizados en cada unha deberán quedar identificados e documentados.

C.3 Os equipamentos de medida deberán ser utilizados de tal maneira que aseguren que a incerteza das medidas é coñecida e adecuada á magnitude que se está a medir.

C.4 Tódolos equipamentos deben estar adecuadamente identificados.

C.5 A estación de ITV deberá garantir que os equipamentos de inspección son utilizados, mantidos e almacenados de forma que se asegure a idoneidade continuada para o uso ó que están destinados.

C.6 Os equipamentos de inspección deberán estar protexidos contra posibles manipulacións.

C.7 A estación de ITV debe dispor de procedementos documentados para o tratamento dos equipamentos defectuosos ou fóra de calibración. Estes débense pór fóra de servizo mediante segregación, etiquetaxe ou marcas visibles.

C.8 Cando se detecte o emprego de equipamentos defectuosos, a estación de ITV debe estudia-los efectos sobre as inspeccións realizadas con estes equipamentos anteriormente, informando o órgano competente da comunidade autónoma de tal continxencia.

C.9 Os instrumentos de medida utilizados na estación de ITV estarán suxeitos ó control metrolóxico do

Estado, segundo o establecido na Lei 3/1985, do 18 de marzo, de metroloxía, cando exista lexislación metrolóxica ó respecto.

Os equipamentos de inspección utilizados nas estacións de ITV deberán ser sometidos a controis para asegura-lo seu correcto funcionamento segundo un programa definido coas seguintes frecuencias:

- Equipamentos para a comprobación do sistema de freos: mensual.
- Equipamentos para a comprobación do sistema de iluminación: semanal.
- Opacímetros: diario.
- Analizadores de gases: diario.
- Placas de dirección: semanal.
- Bancos de dirección e carrocería: mensual.
- Velocímetros: semanal.
- Manómetros para inflar pneumáticos: semanal.
- Básculas: mensual.
- Bancos de comprobación de amortecedores: semanal.

C.10 Nos ordenadores ou outros equipamentos automatizados no proceso de inspección haberá que asegurarse de que os programas utilizados foron validados adecuadamente.

C.11 En caso de calibracións externas, a estación de ITV deberá contrata-la calibración periódica dos seus equipamentos de medición cun organismo competente, capaz de asegura-la rastrexabilidade cun patrón nacional ou internacional.

C.12 Os procedementos de calibración deberán defini-los procesos de calibración, condicións ambientais, frecuencia, criterios de aceptación e accións correctoras que se deban tomar cando sexan inadecuados.

C.13 Sen prexuízo do que estableza a regulamentación específica de control metrolóxico, os equipamentos de medición deberán ser calibrados antes da súa utilización, e cando menos coas seguintes frecuencias durante o seu uso:

- Equipamentos para a comprobación do sistema de freos: semestral.
- Equipamentos para a comprobación do sistema de iluminación: semestral.
- Opacímetros: semestral.
- Analizadores de gases: semestral.
- Manómetros: anual.
- Placas de dirección: semestral.
- Bancos de dirección e carrocería: semestral.
- Velocímetros: semestral.
- Básculas: semestral.
- Bancos de comprobación de amortecedores: semestral.

C.14 As calibracións internas dos equipamentos de medida realizaranse de forma que se garanta a rastrexabilidade das medidas a patróns nacionais ou internacionais.

C.15 Cando a estación de ITV dispoña de patróns de referencia para o seu uso na estación, só se deben utilizar para a calibración, excluíndose calquera outro uso. Os patróns de referencia deben ser calibrados por un organismo competente capaz de asegura-la rastrexabilidade cun patrón nacional ou internacional.

C.16 O estado de calibración dos equipamentos deberá ser marcado sobre estes de forma inequívoca mediante etiquetas, indicando ó menos a data de calibración e a data da próxima calibración.

C.17 A estación de ITV deberá manter rexistros de tódolos controis e calibracións levadas a cabo.

C.18 A estación de ITV deberá garantir que tódolos equipamentos utilizados nas inspeccións son almacenados de conformidade cos procedementos establecidos no seu sistema de calidade.

C.19 A estación de ITV deberá asegurar que tódolos equipamentos utilizados nas inspeccións son clara e completamente descritos na documentación do fabricante que acompaña a nota de entrega, incluíndo:

- a) Tipo, clase e identificación.
- b) Especificacións técnicas.
- c) Se é necesario, normas que debe cumprir.

C.20 A estación de ITV deberá garantir que tódolos equipamentos utilizados nas inspeccións son recepcionados antes da súa utilización, verificando o total cumprimento dos requisitos esixibles.

C.21 Na recepción dos equipamentos deberase verificar ó menos:

- a) Conformidade, no que atinxe a fabricación e funcións, cos requisitos esixibles.
- b) Número de identificación.
- c) Ausencia de desperfectos.
- d) Documentación técnica que os acompaña.

D. *Requisitos técnicos das inspeccións*

D.1 Na inspección técnica de vehículos seguiranse os criterios técnicos de inspección descritos no «Manual de procedemento de inspección das estacións de ITV» elaborado polo Ministerio de Ciencia e Tecnoloxía, de acordo cos órganos competentes das comunidades autónomas. Este manual estará dispoñible para consulta dos titulares dos vehículos sometidos a inspección en tódalas estacións de ITV.

O manual será actualizado cando varíen os criterios técnicos de inspección, tanto de carácter nacional como internacional, nesta materia.

D.2 A estación de ITV deberá establecer documentalmente e manter os procedementos necesarios para garantir que as inspeccións dos vehículos se realizan correctamente de conformidade coas prescricións regulamentarias.

D.3 A estación de ITV deberá garantir que os vehículos sometidos a inspección son manexados correctamente para evitar calquera dano ou deterioración.

D.4 A estación de ITV deberá garantir que os vehículos sometidos a inspección son correctamente identificados, comprobando a coincidencia do vehículo coa súa documentación e en especial a matrícula, número de bastidor, marca e modelo.

D.5 Cando existan dúbidas sobre se o estado de mantemento do vehículo é o adecuado para ser sometido a inspección de forma correcta, o inspector deberá te-la autoridade suficiente para non somete-lo vehículo a inspección ata este se encontrar en estado adecuado.

D.6 A estación de ITV deberá garantir que as inspeccións dos vehículos son realizadas respectando o ambiente e preservando a saúde dos traballadores e usuarios, de conformidade coa regulamentación vixente.

D.7 Os inspectores deberán ter acceso ós documentos, instrucións, normas e procedementos necesarios para o desenvolvemento do seu traballo.

D.8 Tódolos datos e cálculos que se deban manexar durante o proceso da inspección deberán ser validados.

D.9 As observacións e os datos obtidos no transcurso das inspeccións débense rexistrar de maneira adecuada, para evitar perdas de información.

D.10 Os impresos utilizados para realizar os informes e os distintivos de inspección deberán ser almacenados, gardados e controlados adoptando as medidas adecuadas para preservalos de perda ou extravío.

D.11 A estación de ITV deberá garantir que por cada vehículo inspeccionado se xera un informe de inspección e se garda unha copia deste, así como de calquera documento xerado durante a inspección.

D.12 Antes da emisión do correspondente informe de cada inspección, a estación de ITV deberase asegurar

de que tódalas probas, comprobacións e ensaios necesarios foron realizados.

D.13 Os informes de inspección de cada vehículo inspeccionado deberán incluí-lo resultado final da inspección no que atinxe a aptitude do vehículo para circular.

D.14 Tódolos informes de inspección deberán quedar completamente cubertos. Se algún epígrafe non se pode encher, no epígrafe de observacións faranse constatalas razóns.

D.15 Non se permitirán correccións ou adicións sobre os informes de inspección. Se for necesaria calquera corrección ou adición, realizarase un novo informe e retirarase e arquivarase o anterior.

D.16 Os informes de inspección e as tarxetas de ITV serán cubertos e asinados unicamente polas persoas autorizadas para isto.

E. *Requisitos técnicos respecto ós usuarios do servicio*

E.1 A estación de ITV deberá establecer documentalmente un procedemento para a recepción de tódalas queixas e reclamacións que se produzan con motivo das inspeccións realizadas.

E.2 A estación de ITV deberá establecer documentalmente un procedemento para o estudo e resolución de tódalas reclamacións que se produzan por desconformidade do usuario co resultado da inspección.

E.3 Tódalas queixas e reclamacións que se producen serán tratadas, estudadas e resoltas seguindo os mesmos criterios.

E.4 A estación de ITV deberá gardar rexistros de tódalas queixas e reclamacións recibidas, ben como das accións tomadas como consecuencia delas.

F. *Requisitos técnicos respecto á documentación xerada na estación de ITV*

F.1 A estación de ITV deberá implantar un procedemento adecuado para a correcta recolla, identificación, clasificación, arquivo, almacenamento, mantemento e consulta de tódolos datos relacionados coas inspeccións e co seu sistema de calidade. Estes datos estarán protexidos contra calquera uso non autorizado e serán accesibles sempre que se necesiten.

F.2 Polo menos, deberán ser mantidos os seguintes rexistros:

- a) Informes de inspección de vehículos.
- b) Informes de recepción de equipamentos.
- c) Informes de verificación e calibración dos equipamentos.
- d) Informes de cualificación, experiencia e formación de todo o persoal.
- e) Informes de tódalas auditorías de calidade.
- f) Informes de tódalas accións correctoras adoptadas.
- g) Informes das reclamacións habidas e solucións dadas a estas.

F.3 Salvo que se establezan regulamentariamente outros prazos para algún dos puntos anteriores, os documentos deberán ser mantidos durante ó menos cinco anos desde a súa emisión.